

«Para min mestres son todos, os que lin e a propia vida»

A Costa da Morte e as experiencias americanas mestúranse en «Buracos no espello», a última obra deste economista que foi mestre en Corcubión e Carballo

J. V. L. | CARBALLO

■ José Alberte Corral Iglesias é un economista coruñés que despois dunha aventura americana acabou dando clase de secundaria na Costa da Morte. E autor de libros como *Acarom da brétema*, *Detrás da palabra*, e *Lusco e Fusco*. Agora vén de presentar o seu último texto: *Buracos no espello*.

—¿Estamos ante unha obra de continuidade?

—É unha obra de continuidade, mais aparecen experiencias latinoamericanas. Son contos sobre a vida de personaxes comúns e da súa forma de sobrevivir en esta sociedade onde apoio mutuo e case pecado.

—¿En que fontes bebe José Alberte Corral?

—Para min mestres son todos, os que lin e a propia vida. Moitas personaxes están construídos a base de retalos de xente concreta que coñecín. Por exemplo a experiencia guerrilleira descansa na loita de Venezuela nos anos 60.

—¿Onde está a Costa da Morte na súa traxectoria?

—Todo está feito en Corcubión: No *Lusco e Fusco*, por exemplo aparece a emigración da comarca de Fisterra e de Soneira e *A carom da brétema* é a Costa da Morte mesma. Este último é un libro de experiencias máis globais

—¿Que pretende obter dos seus lectores?



CASAL

Corral Iglesias, nos estudos de Radio Voz Bergantiños

—Procuo que ler un relato meu lles axude a facerse preguntas e reflexionar. Eu penso que a literatura non pode ser allea ao home e á realidade pero non é política. A política é outra cousa. A literatura pertence ao eido da póesis pero non por iso ten que ser evasiva.

—¿Quedan causas polas que pelexar na Galicia do século XXI?

—Non hai por fortuna unha tiranía contra a que loitar, coma a que tiñamos na miña xuventude, pero si existe unha ditadura. É o traballo precario, a emigra-

ción e a falta de posibilidade para a xente nova, con salarios que chegan a mil euros, e non poden formar unha familia. Nótase a ditadura capitalista.

—Vostede é reintegracionista ¿Que significa?

—Pretender a defensa da lingua e a cultura galega dende o punto da súa pertenza a un tronco común, o que chaman *lusofonía*. Aínda que eu estaría máis ben con Pepetela, o escritor angolano, que di que se debería falar de *galizanía* porque en Lusitania cando chega o galego falábase árabe.